

# O Vietnam contemporáneo. Situación actual e perspectivas de futuro

*Tomás Pardo Rodríguez*

A situación económica do Vietnam enténdese mellor se ollamos o seu pasado recente. Trala fin da guerra en 1975 e despois dunha profunda crise, o Partido Socialista do Vietnam decidiu, no ano 1986, cambiar o rumbo da súa economía, tomando unha serie de medidas reformistas chamadas Doi Moi (literalmente, “renovación”). Estas abrían ao país, ata o momento marcado polo proteccionismo e a forza de produción estatizada, cara unha economía de mercado. O menor intervencionismo do Estado, a progresiva privatización da economía e a apertura ao comercio internacional fixeron que crecese a taxas ao redor do 8% durante a década de 1990 e os primeiros anos do século XXI.

O ingreso do país en varios organismos internacionais de comercio e a firma de acordos con países de Asia e Occidente desenvolveron o sector exterior do Vietnam, marcado polo incremento progresivo das súas exportacións en cru, arroz, téxtil, calzado ou produtos do mar. A acumulación de capital e o incremento da inversión estranxeira directa fixeron o resto.

Na actualidade, o Vietnam é a segunda economía de maior crecemento en Asia por detrás de China, se ben con certo declino dende o 2008 debido ás consecuencias da crise mundial.

## **Dende a toma de Saigón á Doi Moi**

A guerra do Vietnam deixou ao seu paso preto de 3 millóns de vítimas e importantes danos medio ambientais. Foi un dos peores episodios bélicos da historia do século XX, que enfrontou ao Vietnam do Norte, apoiado polo bloque comunista e baixo o contexto da “guerra fría”, cos estados do Vietnam do Sur, avalados polo intervencionismo do goberno estadounidense.

Hai algo máis de tres décadas, no mes de abril de 1975, o exército do Vietnam do Norte tomaba Saigón e puña así fin a máis de dezasete anos de conflito<sup>(1)</sup>. Proclamábase en consecuencia, en 1976, a República Socialista do Vietnam.

A partir de entón, esta guerra quedaría como un capítulo para esquecer e superar, para non remover. As miradas centráronse no futuro e no proxecto de reconstruír un país que quedou en parte destruído, cun 70% das súas infraestruturas

(1) A guerra de Vietnam seguiría á Primeira Guerra da Indochina, que foi un dos conflitos coloniais do século XX que enfrontou dende 1945 a 1954 ao Viet Minh contra a Francia pola independencia da Indochina francesa (Camboxa, Laos, o Vietnam do Norte e o Vietnam do Sur).

industriais e de transportes na zona norte do país inservibles, ademais de importantes danos de carácter medio ambiental e humanitario, e cerca dun millón de disidentes co novo goberno (coñecido anteriormente como o Partido dos Traballadores do Vietnam) que tiveron que saír do país, fuxindo das políticas de reeducación que o partido aplicaba aos non partidarios do réxime.

Este novo goberno, establecido en Hanoi, a dende entón capital do país, e con Le Duan como secretario xeral, continuaba coa política de corte marxista-leninista que Ho Chi Minh<sup>(2)</sup> introduciu no Vietnam do Norte en 1954, baseada nunha planificación central da economía que promovía a colectivización das prácticas agrícolas así como, en menor medida, o desenvolvemento da industria pesada, estatizando dende un principio tódolos bens de produción, incluso terras e fábricas.

A nivel internacional contábase co apoio de bloque soviético, entrando en 1978 a formar parte do COMECON (Consello de Axuda Económica Mutua), do que recibiría nos anos 1980 cerca de 3 millóns de dólares en axuda tanto económica como militar. O comercio exterior do país durante estes anos, desenvolveríase unicamente cos países auto proclamados comunistas, xa que o bloqueo exercido por EEUU a Vietnam, impedía a posibilidade de relación cos países de Occidente e organismos internacionais.

A finais dos anos 1970 e principios dos 1980, o estancamento da economía vietnamita xa non se podía achacar aos vestixios da guerra. O 70% da súa poboación vivía baixo o limiar da pobreza e as limitacións do sistema económico, marcado polo paternalismo estatal e unha economía pechada, non permitían o crecemento interno. O ingreso nacional, que se estimaba debía medrar a niveis do 13%, facíao soamente a taxas de 0.4%; o PIB per cápita era de tan só USD198 e a taxa de crecemento do PIB era do 2,1%. En 1986, a taxa de inflación superaba o 700% e o déficit presupostario e externo eran críticos. O valor das exportacións nese ano foi de tan só 880 millóns de dólares.

A economía vietnamita requiría así un profundo saneamento, unha reforma dende os cimentos que lle permitise ao mercado crecer e aproveitar o seu potencial, mantendo ao mesmo tempo as doutrinas filocomunistas que promulgaban equidade para o pobo.

## **A Doi Moi, a “renovación”**

---

Xa dende comezos de 1979 comezara a tomar forma a idea dun cambio de rumbo na orientación que se lle quería dar á economía do país. A ruptura coas políticas de planificación central e un longo proceso que se ía forxando dende comezos dos anos 1980, desembocan en 1986 nun programa de reforma económica, a Doi Moi, aprobado no VI Congreso do Partido Comunista.

---

(2) Ho Chi Minh (Hoang Tru, 19 de maio 1890 – Hanoi, 2 de setembro 1969) foi presidente da República Democrática do Vietnam do Norte no período de 1954 a 1969.

Esta reforma racha coas tradicionais políticas comunistas de planificación central, pasando de cheo a unha economía de mercado. O Estado pasa, xa que logo, de “director” a “indicador”; non debe mesturarse na xestión das empresas, senón limitarse a crear as condicións económicas propicias para o desenvolvemento destas. De imperativa, a planificación vólvese indicativa e o intervencionismo estatal irá diminuindo progresivamente, deixando paso a autorregulación económica do libre mercado, abrindo para o Vietnam unha nova vía socialista de crecemento.

A Doi Moi marca un punto de inflexión na historia socioeconómica vietnamita, que a partir desta reforma comeza un largo camiño ata converterse hoxe en día na segunda economía asiática de maior crecemento, unicamente por detrás da China. O exitoso exemplo chinés, que uns anos antes, en 1978, abríase ao mercado mundial e reducía a presenza estatal na economía, foi tomado polo Vietnam como modelo de expansión.

Non se trataba pois de renunciar á ideoloxía marxista-leninista, senón de reconducir unha economía estancada e sen posibilidade de crecemento cara unha economía aberta que puidera xogar en igualdade de condicións no ámbito internacional. Intentouse que a convivencia entre un réxime comunista e unha economía de mercado non acabase por facer subxugar as doutrinas políticas do réxime á lóxica capitalista e ao “laissez faire”.

Pero é difícil marcar o límite que separa a ideoloxía política dun goberno da súa mera actuación económica, onde se poñen os puntos para que unha doutrina, que de raíz avoga contra o imperativismo do mercado, poida agora convivir co puro capitalismo. Os cambios que chegarían da man da Doi Moi acabarían repercutindo cos anos nos hábitos e pensamento da poboación. Dende finais dos anos oitenta, o Vietnam fai lidar a máis recia propaganda comunista coa apisoadora do capitalismo.

A igualdade de condicións para os traballadores e a redistribución equitativa da riqueza seguían sendo as máximas que o partido intentaba aplicar, pero promulgándoas unicamente dende políticas sociais, e deixando que fose a tutela independente dos axentes económicos a que marcasse o rumbo das economías domésticas, o que fixo que inevitablemente comezara a polarización da sociedade, diferenciándose e estratificándose en clases. Moitos dos que nos primeiros anos da Doi Moi loitaban pola equidade nos ingresos, séntanse hoxe á fronte de automóviles de gama alta e dormen en mansións nas aforas da capital, Hanoi. Co paso dos anos, as consecuencias do libre mercado foron gañando terreo á ideoloxía do réxime.

Esta reforma económica eliminou o sistema de subsidios e racionamento de alimentos vixente ata o momento. A facilidade para a creación de empresas privadas e a diminución da participación estatal no campo e na industria, abrían a economía ao capitalismo. As portas do país abríanse tamén á economía global. En moitos casos, as empresas estatais volvíanse accionariadas, o que supoñía nun primeiro momento a participación maioritaria do Estado e unha progresiva diminución en pro do capital privado, nacional ou estranxeiro.

A economía quedaba segmentada en diferentes axentes que ao través da Doi Moi intentábanse potenciar para conseguir deste xeito unha intervención estatal menor. O tecido económico nutríase principalmente da economía familiar; da pequena empresa, que o Estado debía apoiar na súa produción e comercio; dos pequenos capitalistas, que utilizaban os seus capitais apoiando proxectos de inversión; e do sector cooperativo do campo, que eran asociacións dependentes do Estado central ou provincial.

O sector agrario, especializado principalmente na produción de arroz, café e caucho, era ata o momento explotado mediante cooperativas agrícolas, que debían organizar a produción segundo as directrices do Estado, e comerciar os produtos a prezos fixados por este. A terra era evidentemente propiedade estatal, podéndose considerar que as cooperativas traballaban baixo usufruto. Cabe indicar que esta colectivización non foi exitosa en tódolos cultivos, xa que realmente só funcionaba eficazmente nos campos de arroz. En moitos casos, se lles proporcionaba aos campesiños parcelas de terreo adicional co fin de que puidesen alimentar o gando ou as cultivasen para o sustento familiar.

A partir de 1987, a Asemblea Nacional permitiu que estas cooperativas arrendasen solo aos campesiños particulares (sendo este aínda pertenza pública), creando desta forma un “mercado inmobiliario”. O campesiño podía dispoñer do terreo por períodos de 50 anos, estando sempre á inmediata dispoñibilidade do Estado.

En 1989, o sector agrario comeza a saír dun largo período de estancamento e crece a taxas do 6.9% anual. Neste mesmo ano consegue exportar 1 millón de toneladas de arroz. Grazas á nova Constitución de 1992 e á Lei sobre Propiedade Territorial de 1993, estipúlense de maneira concreta os dereitos e as obrigas dos campesiños.

Unha das medidas aperturistas da Doi Moi, que permitiu unha maior activación da economía, foi a “Lei de Inversión Estranxeira de 1987”, que abriría as portas do país ás empresas foráneas, establecidas na primeira etapa maioritariamente en forma de “joint ventures”, o que inxectou capital no país e favoreceu, ao mesmo tempo, a transferencia de tecnoloxía e “know how” para o parceiro vietnamita.

O bloqueio que EEUU aplicou sobre o Vietnam non se levaría ata o ano 1994 e foi secundado polo resto de economías occidentais co fin de non romper relacións coa maior potencia do momento. Foron principalmente os países do sueste asiático de orixe chinesa (Taiwan, Hong Kong e Singapur) así como Corea do Sur, os que investiron no Vietnam nas primeiras andanzas da Doi Moi. Os baixos custos salariais, a dispoñibilidade de recursos e a situación estratéxica do país, facían ao Vietnam un país atractivo para a Inversión Estranxeira Directa (IED).

No caso das exportacións, estas non se vían como un fin en si mesmo para o crecemento económico, senón unicamente como unha fonte de ingresos que permitiría saldar as importacións doutros bens que o Vietnam non producía. Nos comezos da Doi Moi, soamente as empresas estatais tiñan licenza para a exportación e as centrais de compra e os departamentos do Ministerio de Comercio detentaban o monopolio de todas as transaccións entre o interior e o exterior.

A Doi Moi arrancou cunha situación complicada no país. A adaptación aos cambios requiría uns cantos anos ata que cada un dos sectores industriais estivesen preparados para comezar o seu propio desenvolvemento dun modo gradual e constante. O rápido crecemento posterior débese, en parte, á situación inicial da que se partiu, xa que o Vietnam do ano 1986 atopábase nunha fase crítica da súa historia.

## Desenvolvemento socioeconómico

O sector agrario, que anos máis tarde seguiría desempeñando un papel clave no desenvolvemento do país, asegurou nese tempo un sustento para o pobo, que contaba con alimento seguro. O desenvolvemento agrícola trouxo consigo acumulación de capital para as economías domésticas, un incremento das exportacións e reservas de alimentos para as comunidades máis illadas, contribuíndo de maneira activa a estabilizar a economía e repercutindo na mellora de infraestruturas e servizos en áreas rurais.

O progreso viuse reflectido nos aspectos culturais e sociais. No ano 1994, o 98,8% das comunidades máis illadas xa contaban con escolas primarias, un 76,5% con secundarias e o 92% con enfermerías. O 53% dos fogares rurais tiñan corrente eléctrica, e un 12% eran construídos con materiais sólidos e non unicamente con bambú ou materiais que en moitos casos non podían facer fronte ás épocas máis fortes do monzón.

De acordo cos cálculos realizados por economistas e sociólogos<sup>(3)</sup> no ano 1992, e tendo en conta diferentes indicadores como o PIB per cápita, a importancia da agricultura no PIB, mortalidade infantil, porcentaxe da poboación con acceso á auga, índice de fogares con electricidade, hábitos alimentarios, etc., o grao de desenvolvemento rural situaba a Vietnam trinta anos por detrás de Taiwan, uns 25 por detrás de Malaisia, 20 de Tailandia, 12 da China e 8 de Indonesia.

En tanto que os países desenvolvidos intentaban fomentar a natalidade, nos países en vías de desenvolvemento dábase o caso contrario e buscábase un control da sobrepoboación. No Vietnam, a taxa de crecemento natural (TCN)<sup>(4)</sup> era aínda moi elevada en relación aos seus países veciños, un 3% para o período de 1970 a 1975 e un 2,3% de 1985 a 1990. A agricultura daqueles tempos era basicamente manual, a produtividade moi baixa e a porcentaxe de terreo cultivable per cápita diminuía cos anos. Todo isto supuña un obstáculo para o desenvolvemento socioeconómico; se a TCN non era controlada nun curto período de tempo, entrárase nun círculo de sobreexplotación e deterioro dos recursos, desembocando en máis pobreza e miseria.

(3) Peter Boothroyd/Pham Xuam Nam, *Socioeconomic renovation in Vietnam- The origin, evolution and impact of Doi Moi*. International Development Research Centre/Institute of Southeast Asian Studies, 2000. ISBN: 1552503186.

(4) A taxa de crecemento natural e a taxa á que está aumentando (ou diminuíndo) unha poboación nun determinado ano, debido a un superávit (ou déficit) de nacementos en comparación coas mortes, expresada como unha porcentaxe da poboación base. Esta taxa non inclúe os efectos da inmigración nin da emigración.

Baixo estas circunstancias, o goberno implantou o Programa Nacional de Planificación Familiar e Poboación para o período de 1991 a 2000. O obxectivo principal deste programa era diminuír a TCN ata un 1,8% en 2000 e no ano 1994 xa se conseguira reduci-la ata o 2%.

Respecto ao emprego, na época anterior á Doi Moi, o Estado asumía a responsabilidade de ofrecerlle traballo a todo aquel que o demandase, o que moitas veces se traducía en ter un emprego pero non traballo (ou polo menos a tempo completo). A baixa produtividade e a ineficacia económica levaron ao estancamento e a crise do sistema.

Dende o comezo da “renovación”, en lugar de subsidiar a creación de emprego, o Estado dedicouse, progresivamente, a formular reformas institucionais para asegurar a liberdade e a engrenaxe da produción das novas empresas. Ao mesmo tempo, os fondos nacionais para a creación de emprego foron distribuídos co fin de facilitar créditos preferentes ás familias máis necesitadas e poder ofrecer formación profesional aos estratos máis novos da poboación, para que estes, unha vez na actividade empresarial, creasen empregos a terceiros. Non obstante, a pesar do millón de postos de traballo creados cada ano, o desemprego en áreas rurais e urbanas seguía a ser un problema.

O subemprego rural estaba causado por varias razóns. A primeira, o aumento da forza de traballo para unha limitada dispoñibilidade de terra cultivable<sup>(5)</sup>. A segunda, que a media de días traballados a xornada completa polos traballadores era moi baixa. Considérase que existe subemprego se un campesiño ten soamente una hectárea de campo para traballar e no Vietnam, no ano 1993, a media de terreo por cada agricultor era de tan só 3.100 metros cadrados.

Os desprazamentos da poboación cara a áreas urbanas, principalmente Hanoi e Cidade Ho Chi Minh (CHCM), ou a zonas mineiras do país, foron significativas a comezos dos anos 1990. Pero o exceso de traballadores nas factorías provocou un desprazamento inverso a finais da década dos noventa, volvendo ao campo e contribuíndo de novo ao subemprego agrícola.

As principais cidades do país experimentaron un rápido crecemento a principios dos noventa. A vía libre para o capital privado fixo que, en tan só 7 anos, en Cidade Ho Chi Minh xa existisen máis de 1.400 empresas privadas, producindo o equivalente ao 12,5% do PIB nacional; e en Hanoi, en 1993, de 2.039 empresas tan só 928 eran propiedade do Estado.

A empresa estatal ía pouco a pouco cedendo terreo ao capital privado. En CHCM, dende 1985 a 1989, 47.000 empregados deixaron de traballar nas empresas públicas. Desta cifra, un 28,4% facíano voluntariamente e o 71,6% restante por reaxustes e reorganización nas plantas. A man de obra empregada polo Estado pasou de representar un 39% en 1989 a pouco máis do 24% en 1994. En Hanoi sucedeu o mesmo para máis de 70.000 traballadores a finais do 1993; a maioría deles botaron a andar o seu propio negocio mentres que outros retornaron ao campo.

---

(5) A pesar das diminucións da TCN en anos anteriores, o crecemento nas pasadas décadas fora de taxas superiores ao 3%.

O goberno quixo explotar as vantaxes competitivas de cada rexión, desenvolver a agricultura, recursos forestais e gandería, promovendo ao mesmo tempo as pequenas empresas para satisfacer así as necesidades do mercado interno e promover a acumulación de capital a través das exportacións. Con este fin, grandes extensións de selva e bosque foron convertidas para o cultivo, o que provocou que, dende 1940 a 1990, o Vietnam perdesse 250.000 hectáreas de selva por ano.

A polarización da sociedade en dúas clases ben diferenciadas manifestouse tanto en áreas urbanas como rurais. Esta foi unha das inevitables consecuencias que trouxo consigo a política non intervencionista do Estado. Cada un debía de aproveitar as súas oportunidades, emprender. O Estado, que anos atrás impuña unhas condicións igualitarias para o pobo limitábase agora a estimular e crear as condicións económicas favorables para que todos puidesen subirse ao tren do capitalismo e contribuír conxuntamente ao crecemento da economía. As políticas sociais trataron pois de diminuír a fenda que traía consigo a privatización da economía.

### **O espertar do pequeno Dragón. A década dos noventa e primeiros anos do século XXI**

---

Os anos que seguiron á Doi Moi foron de reaxustes e adaptación. No período de 1988 a 1991 a economía xa crecía a taxas do 5,4% anual. A agricultura emprendeu, unha vez desestatizada, un crecemento do 7%. O café, os anacardios, a pementa e o arroz foron os produtos que lle permitiron ao Vietnam acadar un rápido incremento das exportacións. O sector servizos, que noutra época representaba unha mínima parte do PIB, comezaba unha escalada con taxas superiores ao 8,5% anual. A produción industrial medraba tamén a pouco máis do 8% anual, axudada en gran parte polo desenvolvemento da industria petroleira, que anos máis tarde se convertería na rama que xeraría maior valor nas exportacións. E o número de persoas que vivían na pobreza comezaba a diminuír a medida que o Vietnam entraba de cheo no comercio mundial.

Se primeiro foran os denominados “tigres asiáticos”<sup>(6)</sup>, o relevo foi tomado polos países do sueste dese continente coñecidos como “pequenos dragóns”. A medida que a economía crecía ía cambiando con ela a composición do PIB, pasando dunha economía basicamente agraria cun porcentaxe do 40% do PIB en 1987, a un 33,9% en 1992 e un 21,8% en 2004.

Ao mesmo tempo, o sector industrial gañaba terreo pasando a representar o 27,3% do PIB en 1992 e un 40,2% en 2004. Os reaxustes entendíanse por unha transferencia de peso entre o sector primario e o secundario. En aqueles primeiros anos noventa, o Vietnam era un país aínda en vías de industrialización.

---

(6) O termo de “tigres asiáticos” fai referencia ás economías de Taiwan, Hong Kong, Corea do Sur e Singapur, que no período de 1960 a 1990 destacaron polo seu rápido crecemento e industrialización.

O rol que xogaron as pequenas empresas de estrutura familiar a finais dos anos oitenta e principios dos noventa foi decisivo para o crecemento. O número de pequenos negocios pasou de cerca de 840.000 en 1990 a case 2,2 millóns en 1996, e foi precisamente o sector privado o que absorbeu a parte dos traballadores estatais que cesaban a súa actividade. Durante os anos noventa tivo lugar unha importante diminución no número de empregados estatais, que pasaron de ser 4,1 millóns en 1987 a cerca de 3,3 millóns en 1997, o que representaba unha cifra inferior ao 9% de toda a poboación activa.

As altas taxas de acumulación de capital que se rexistraron en Vietnam neste período, permitiu a re-inversión nos negocios, xerando así un maior crecemento. A acumulación bruta de capital como porcentaxe do PIB aumentou dende o 17,6% en 1992 ata un 35,6% en 2004, aínda que máis importante que a acumulación de capital era onde sería investido. A nivel estatal, a inversión pública en infraestrutura foi un dos puntos prioritarios da política económica.

Ata 1993, o Vietnam era considerado polo Fondo Monetario Internacional (FMI) como non elixible para a concesión de créditos. As conversas que se iniciaran en 1975 foron interrompidas polo embargo de EEUU (o Vietnam unificado de 1976 figuraba como membro do FMI pola herdanza dende 1956 do réxime de Saigón). A partir do levantamento do embargo no ano 1994, outro dos organismos monetarios internacionais, o Banco Mundial (BM), entra na carreira e dende 1994 a 1998 concédelle ao Vietnam créditos por valor de 2.200 millóns de dólares. Nos últimos anos da década dos noventa, estes dous organismos, o BM e o FMI, xuntan esforzos para combater a pobreza e aumentar o crecemento no país<sup>(7)</sup>.

Unha vez o Vietnam entrou en negociacións co FMI e o BM, organismos concibidos na Conferencia de Bretton Woods (1944), quedan implícitas unha serie de recomendacións en relación á súa política monetaria, política de taxas de cambio do Banco Central, xestión das finanzas públicas, equilibrio da balanza de operacións correntes de pagos, etc. pero tamén sobre a reforma de empresas estatais, o apoio ás empresas privadas, a participación do sector privado en proxectos de infraestrutura e a reforma dos bancos públicos de comercio<sup>(8)</sup>.

A pregunta de por que o goberno permitiu que estes organismos internacionais tutorizasen dalgún modo a transición, non ten unha única resposta. Poderíase deber a que as consecuencias da transición desbordaban a lóxica do sistema vietnamita e estes quixeron botar man dos perfectos coñecedores das regras do xogo, xa que o país non presumía de grandes capitais naquela época e descoñecía o campo da xestión e da administración. Ou tal vez a resposta estea en que, trala disolución do bloque soviético, os intereses inclináronse cara ao lado occidental e o Vietnam tiña que gañarse o seu beneplácito a toda costa para establecer relacións comerciais.

(7) CPRGS: Comprehensive poverty reduction and growth strategy.

(8) As exportacións aumentaron notablemente pasando dos 95.000 USD no ano 1995 os 770.000 nos primeiros nove meses de 2001, ditas exportacións se compuñan principalmente de produtos do mar, textil-confección, calzado e produtos agrícolas.

A apertura trouxo consigo a posibilidade de ingreso en varios acordos comerciais. No ano 1995, Vietnam entra a formar parte da Asociación das Nacións do Sueste Asiático (ASEAN), chegando a converterse, dez anos máis tarde, en membro da Área de libre comercio de Asia (AFTA). Deste xeito, aumentaron as relacións comerciais cos países da zona e empézase a forxar un camiño cara a participación futura noutras asociacións como o Foro de Cooperación Económica Asia-Pacífico (APEC), no que entraría en 1998 e culminando a súa traxectoria aperturista co seu ingreso na Organización Mundial do Comercio (OMC) en 2006, do que se falará máis adiante.

É no ano 1995 cando comezan a fraguarse as relacións bilaterais con EEUU, chegando a declarar ao Vietnam como “nación máis favorecida”. Esta nova condición beneficiou enormemente ao réxime das exportacións aos EEUU. Esquecéronse as pantomas do pasado, numerosas empresas americanas instaláronse no país e o pobo vietnamita foi quen de deixar ao anterior embargo no pasado e afrontar os retos económicos sen resentimentos. Os novos acordos bilaterais e o ingreso en bloques comerciais fomentaron a inversión no seu territorio, o que foi indispensable para o seu crecemento. O Vietnam contaba cos recursos necesarios pero faltáballe inversión de capital que lle permitise expandir máis a súa industria.

Con estes acordos e a apertura do bloqueo abríanse unha morea de oportunidades para o comercio vietnamita. O incremento das exportacións e o estrito control exercido sobre as importacións, axudou a reducir o déficit comercial ata un 21,6% na década dos noventa, cando no período que ía de 1986 a 1989 chegara a alcanzar un 114%. Nese momento, o Vietnam contaba con dez produtos que superaban en exportacións os 200 millóns de dólares cada un deles, incluíndo catro (cru, téxtil, calzado e produtos do mar) que chegaban aos 1.000 millóns de dólares.

Tras o froito das primeiras relacións con EEUU, en xullo de 2000, asíñase un acordo bilateral con este país. O acordo estipulaba a exportación de certos bens (téxtil na súa maioría e en condicións vantaxosas) por parte do Vietnam cara a EEUU, a cambio da supresión de restricións para o establecemento de compañías estadounidenses no Vietnam, ademais de facilitar a inmediata apertura de filiais para empresas norteamericanas de servizos comerciais, xa fosen de consultora, seguros, enxeñería, informática ou de servizos financeiros.

Foi un alto prezo o que o Vietnam tivo que pagar. Tras unha guerra que devastou o país, e sobre a que os EEUU non asumiron ningunha responsabilidade e un embargo que retardou o despegue económico da economía, agora, as condicións do acordo volvíanse a pór do lado do máis grande e quedaba o Vietnam subxugado de novo á razón económica do máis forte.

A culminación da política aperturista chegaría en 2004 coa entrada do Vietnam como membro número 150 na OMC<sup>(9)</sup>. O acordo bilateral cos EEUU

---

(9) En 1994 solicitaría a entrada, adheríndose como observador en 1995.

significou un importante paso para a entrada neste organismo. Aínda que isto supuña un novo reto en materia de redución arancelaria e certa vulnerabilidade do seu mercado interno, os beneficios do ingreso na OMC chegaron en forma de maior inversión estranxeira e fomento das exportacións.

Nun primeiro momento, moitos sectores da economía vietnamita foron remisos a formar parte desta organización, xa que vían nesta unha ameaza para o mercado interno ao aumentar a competencia e ter entón que xogar ao mesmo nivel que outros países desenvolvidos.

De forma xeral, pódese dicir que a OMC é, como organización, un mecanismo para o intercambio de compromisos en materia de política comercial, ademais dun código de conduta no que se establecen unha serie de compromisos legais que regulan as políticas comerciais. Este código de conduta esta determinado por cinco compromisos, os cales non deben ser quebrantados nos acordos comerciais adoptados polos distintos países que o integran. Os dous primeiros son os que marcaron de maneira máis importante a entrada do Vietnam na OMC<sup>(10)</sup>.

O primeiro principio trata da “non discriminación”, o que significa que baixo as condicións de “trato nacional” e “nación máis favorecida”, non se poderían aplicar, por exemplo, distintos aranceis aos produtos exportados polo Vietnam aos EEUU aos que teñen eses mesmos produtos exportados dende a UE. A aplicación deste principio, debido aos baixos custos produtivos de Vietnam, supuña unha vantaxe competitiva fronte a terceiros.

Tamén implica este principio que tódalas empresas, calquera que fora o seu estado xurídico (empresas estatais, privada “joint venture”, ou filial de sociedade estranxeira), eran tratadas por igual. Feito importante, xa que ata aquel momento, certas empresas estatais mantiñan aínda privilexios fronte ao resto, como o de exclusividade para a exportación de determinados bens.

O segundo principio, o de reciprocidade, aplícase a países que teñen altas tarifas arancelarias antes da súa entrada na OMC, co fin de garantir uns niveis semellantes entre os membros, e que certos países non se beneficien das baixas taxas ante terceiros mantendo eles mesmos unhas elevadas en certos bens. Isto supuxo certo grao de flexibilidade por parte do réxime arancelario do Vietnam que viuse obrigado a baixar os aranceis dalgúns produtos. O país mantiña certo proteccionismo en produtos do téxtil ou calzado co obxectivo de non competir directamente coas exportacións chinesas.

A aplicación das dúas condicións anteriores deixaba tamén libre camiño para a implantación de empresas estranxeiras de servizos comerciais no Vietnam.

---

(10) Os outros tres son os de acordos vinculantes, transparencia e excepcións.

## Situación actual e perspectivas de futuro

---

A actual recesión mundial fai que un país tan dependente das exportacións e da inversión estranxeira minore o crecemento sostido que mantivo ata o ano 2007, con taxas de crecemento neste últimos anos ao redor do 8%. Xa no 2008 deixaranse sentir as primeiras consecuencias da crise e a taxa de crecemento baixara ata o 6,2%.

Para 2009 as expectativas non son nada prometedoras e espérase que, grazas ás políticas fiscais e monetarias que o goberno planea implantar, a taxa de crecemento non baixe do estimado entre 5% e 4,5%. Os principais puntos vulnerables son: o crecente déficit comercial provocado polo baixón nas exportacións e que se espera se estabilice en 2010; a diminución das inversións estranxeiras directas; e unha moi elevada inflación, que se intentará reducir coa baixada dos prezos en certos bens primarios e medidas fiscais e monetarias que o goberno está a levar a cabo dende o ano pasado.

Unha das medidas inmediatas proposta polo goberno para paliar os efectos da crise consiste en inxectar na economía 6.000 millóns de dólares, co fin de activala, invertir en infraestruturas e conseguir unha mellora da oferta exportable. No paquete de medidas fiscais tamén se contempla a redución de ata un 30% dos impostos por ingresos que se lles aplicaban ás pequenas e medianas empresas, así como reducir á metade o imposto do valor engadido para certos bens e servizos.

As políticas fiscais a levar a cabo tratan primordialmente de por freo ao déficit comercial así como ao control da inflación. En 2007 e principios de 2008, a crecente suba de prezos a nivel mundial das “commodities”, ademais dalgún tropezo no lado da oferta (por exemplo, certas enfermidades que sufriu o gando porcino no Vietnam) contribuíron á suba dos prezos. A finais de 2008, estes xa comezaban a diminuír, en parte polas medidas tomadas polo goberno nos primeiros seis meses do ano, así como por unha baixada mundial no prezo das “commodities”. No 2008, a inflación anual foi do 23%, alcanzando en agosto o seu máximo cun 28,3%. Nos primeiros meses de 2009 xa se intúe unha tendencia á baixa, situándose a inflación en febreiro no 14,8%.

Mediante o aumento dos tipos de xuro por parte do Banco Central do Vietnam (ata o 14% en xuño de 2008) e a obriga dun aumento das taxas de reservas para os bancos do país, a mediados do ano pasado foise controlando pouco a pouco o crecemento do diñeiro e dos créditos.

No último período do ano, o tipo de xuro volveuse a baixar co fin de non estancar e ralentizar demasiado a economía. Aínda así, a inflación mantívose na súa canle polo control dos bancos sobre as condicións crediticias e non pasou do 15%.

Para finais deste ano o goberno pretende ter a inflación controlada ao redor dun 5% e estímase que o déficit comercial non pasará do 11,5% do PIB (en 2008 foi do 9,3%) pero, dada a incerteza mundial sobre cal será a evolución da crise, é difícil aínda facer estimacións de como evolucionarán os mercados internacionais e como farán fronte á situación.

O control sobre o gasto do Estado fixo que o déficit fiscal pasase dun 5,5% en 2007 a un 4,7% no pasado ano, cancelándose moitos proxectos de inversión que empresas estatais tiñan previsto para este ano.

A recesión na demanda externa fíxose notar, xa que a economía do Vietnam depende nun 70% das súas exportacións. A diminución na produción de cru e a baixada dos prezos de exportación tamén influíron en parte na diminución do crecemento dos bens destinados ao mercado exterior. As exportacións aumentaron a unha taxa do 29,1% (nun total de 65.190 millóns de dólares), situando o déficit comercial nos 12.800 millóns dólares. Espérase que as exportacións de cru volvan a aumentar este ano, chegando aos 15,5 millóns de TM e a mediados de 2009 esperase que xa estea funcionando a pleno rendemento a primeira refinería de petróleo do Vietnam, conseguindo reducir así as importacións de fuel.

Entre os principais produtos que aseguran o incremento das exportacións do Vietnam, ademais dos produtos agrícolas (arroz, café, pementa, anacardios e caucho principalmente) e do sector téxtil e de calzado, están os do mar, que contribúen con máis de 4.500 millóns de dólares ao total. O Vietnam, con 3.200 km de costa, conta, ademais, cunha crecente industria da acuicultura, afincada na súa maior parte no Delta do Mekong.

Un dos problemas aos que se enfrenta a industria é a falta de tecnoloxía e de infraestruturas. Moitas empresas pesqueiras sofren importantes perdas do seu stock por falta de almacenamento en frío ou loxística apropiada. A economía do Vietnam desenvolveuse en industrias que non necesitaron dunha importante carga tecnolóxica, pero este feito vai cambiando cos anos grazas á inversión estranxeira.

Debido aos baixos custos de produción, o téxtil e o calzado foron os sectores onde se concentraron máis firmas internacionais. Reebok, Adidas ou Nike fabrican aquí as súas zapatillas deportivas. Esta última firma anunciou o pasado mes de marzo o cese de pedidos a unha das 10 plantas vietnamitas que producían unicamente para eles. A redución este ano de pedidos por compañías internacionais no sector estímase nun 15-30%.

Vietnam non sofre unha crise na súa economía en si, senón as consecuencias dunha crise externa. O desenvolvemento tan ligado ao sector exterior está a ser o principal problema. As exportacións e a inversión estranxeira, que foron os principais factores que empuxaron á súa economía ata converterse nun dos dragóns asiáticos de maior crecemento, son agora os factores que están xogando na súa contra.

As IED reducíronse a nivel mundial nun 20% en 2008 e seguramente sigan facendo en 2009. A diminución destas inversións débese principalmente a dous motivos. O primeiro, á dificultade de moitas empresas de acceder a recursos financeiros, sexa internamente por unha diminución nos beneficios empresariais, ou externamente por un encarecemento dos recursos financeiros. O segundo, á tendencia e perspectivas internacionais de crise que freou o espírito inversionista.

O goberno está tratando de ofrecer as condicións máis favorables posibles para a inversión estranxeira, que se ben segue crescendo, viu parte dos proxectos a

curto prazo cancelados. O Vietnam segue sendo atractivo para o capital estranxeiro e espérase que, ao longo prazo, as IED sigan crescendo ao mesmo ritmo que o facían para o período de 2006 a 2008<sup>(11)</sup>. Para fomentar a chegada de capital foráneo, en outubro do ano pasado permitiuse que certas empresas estatais fosen privatizadas a mans unicamente de empresas estranxeiras.

Moitos dos proxectos de infraestruturas que se desenvolveron no país nos últimos anos foron obra de empresas foráneas, como a nova liña de metro que recorrerá Cidade Ho Chi Minh, da que se espera comecen as obras este ano e na que unha empresa española de enxeñería estará a cargo de parte deste cometido.

Os baixos custos de produción, unha boa localización e unha aparente estabilidade política, outórganlle a Vietnam as condicións necesarias para imporse como un dos destinos idóneos para a IED no sudeste asiático. Dende 1990, os países asiáticos seguen sendo dos maiores inversionistas no país: Taiwán representou o 12,8% do total das IED en 2008, seguido de Corea do Sur, o Xapón e Singapur. Os EEUU representan un 4,9% mentres que Francia un 4,6%.

Dende 1998 a 2006, as IED centráronse principalmente no sector manufactureiro, onde un dos factores de produción indispensable é a abundancia de man de obra. Transportes, almacenamento, comunicacións, minería ou construción foron tamén os sectores onde foi parar a maior parte da inversión nestes anos. Hoxe en día as maiores oportunidades de negocio sitúanse na industria do aceiro, téxtil, electrónica, servizos, transportes e infraestruturas (ferrocarril, metro, aeroportos, autopistas e portos), enerxía e finanzas.

Dende o ano pasado estase a levar a cabo a privatización parcial de entidades financeiras asesoradas por consultoras estranxeiras, como é o caso do Vietcombank por Credit Suisse ou o do Incombank por JP Morgan.

En relación aos servizos, estímase ao turismo outro dos sectores que absorberá nun futuro gran parte das IED. O incremento no número de persoas que visitaron o país aumenta anualmente: se en 2007 foi de 4 millóns de turistas, espérase que en 2010 chegue aos 6 millóns. Con esta previsión de incremento, a construción ligada ao turismo desenvolverase rapidamente ao longo do país, pero os poucos controis medio ambientais e leis de protección litoral poñen en serio perigo a destrución costeira de Vietnam.

A nova poboación é un dos atractivos para a inversión no Vietnam, conféndolle potencialidade para o desenvolvemento. Nun país cunha poboación de 86,4 millóns de persoas, preto do 70% non supera os 35 anos de idade. A estrutura da pirámide poboacional estimada para o 2015 continúa esta tendencia, aínda que cun lixeiro envellecemento e cun incremento nas franxas de idade dos 35 os 45. A mellora nas condicións de vida, que sitúan hoxe en día no 19% o índice de persoas que

---

(11) O obxectivo do goberno vietnamita foi atraer a inversión (desembolsada, non comprometida) por valor de 25.000 millóns de dólares no período de 2006 a 2010. Esta medrou paulatinamente dende 2006 chegando aos 5.600 millóns de dólares en 2008. A inversión comprometida triplicouse en 2008 respecto ao ano anterior, alcanzando os 64.000 millóns de dólares.

viven por debaixo do limiar da pobreza, cando en 1986 superaba o 70%, fai que a medida que se desenvolve o país aumente o envellecemento da poboación e se reduzan as taxas de mortalidade.

Pero non todo son luces, xa que aínda queda un longo camiño para cumprir cos requisitos que demandan as empresas recen chegadas. A falta de infraestruturas no país complica moitas veces a implantación de proxectos, pero espérase que, en boa medida grazas ao capital estranxeiro, co paso do tempo irase dotando ao país de mellores condicións e medios.

Tamén a oferta nacional de man de obra cualificada pode representar un problema para as empresas que decidan buscar técnicos no país. Aínda que no Vietnam exista unha taxa de alfabetización do 90,3%, a porcentaxe de poboación que elixe carreiras técnicas ou continúa coa educación superior é moi baixa. Estender o impulso formativo cara o ensino secundario e superior é unha das tarefas pendentes do goberno, que a pesar das políticas educativas que actualmente leva a cabo, fállalle promoción da inversión en capital humano.

Encontrar un técnico cualificado no Vietnam, pode resultar unha tarefa complicada para unha empresa estranxeira e, incluso, máis caro que traelo do país de orixe. A rotación laboral nestes tipo de empregos é tamén elevada, debido a que a crecente demanda das empresas crea crecentes oportunidades para eles.

A todo isto engádese o longo proceso burocrático polo que teñen que pasar as compañías á súa chegada ao país. Conseguir tódolos documentos necesarios, licenzas, permisos etc., pode retardar a posta en marcha dunha empresa ata un ou dous anos. Coa Lei Unificada de Empresas de 2006, intentouse facilitar a burocracia do “set up” e descentralizar as competencias en materia de licenza e regulación, unificando ao mesmo tempo o rexistro e procedementos reguladores. Aínda así, necesitanse máis esforzos por parte do goberno para adaptar o marco xurídico aos estándares internacionais.

Nos anos da Doi Moi, a transparencia tampouco é unha das virtudes que honre ao goberno. Os casos de corrupción non sorprenden xa no Vietnam, no que se da por feito que existe outra maneira máis rápida de conseguir as cousas: os cartos por debaixo da mesa teñen máis peso que calquera lei ou tramite burocrático. Os índices de corrupción económica sitúan ao país no posto número 123 (índice elaborado por Transparency International 2007) perdendo postos en relación a 2006, ano no que ocupaba o lugar 111<sup>(12)</sup>.

Hai tres anos, a Conferencia das Nacións Unidas para o Comercio e o Desenvolvemento (UNCTAD polas súas siglas en inglés) elaborou un ranking de cales eran os destinos preferentes para as IED no período 2007-2009: Vietnam aparecía no sexto lugar por detrás de países como a China, a India ou o Brasil<sup>(13)</sup>. Centrándose unicamente na actividade manufactureira, as cifras sitúan en cambio a Vietnam no

(12) Habería que dicir que o índice do Vietnam mantívose no 2,6/10, o que quere dicir que non empeorou, senón que houbo mellora polo resto.

(13) Segundo o Asian Business Council ocuparía o terceiro lugar.

primeiro posto da lista, por enriba incluso da China. As principais causas son as mencionadas anteriormente: alta rendibilidade potencial e baixos custos salariais. Pero esta é unha vantaxe competitiva que o goberno terá que saber manter, as altas taxas de inflación poden xogar un papel negativo para o atractivo do Vietnam como país no que investir.

As altas taxas de inflación, ademais de ser un dos puntos que máis valoran as empresas antes de desembarcar no país, provocou que nos últimos anos os traballadores estean demandando subidas salariais. A man de ferro do Estado sempre mantivo silenciados aos seus traballadores, pero dende hai un par de anos se rexistran “tranquilas” folgas en demanda de que o crecemento dos prezos veña acompañado por crecemento nas pagas.

Existe unha lei que obriga ás empresas non vietnamitas a pagarlle aos seus empregados polo menos un 13% máis do salario mínimo. Isto non é de ningún xeito unha desvantaxe para as compañías, que están pagando de media uns USD75 ao mes por traballador, soldo que non lle fai doada a vida a unha persoa con familia nunha das grandes urbes vietnamitas, onde os prezos multiplícanse en relación a áreas do interior do país.

As folgas aconteceron sobre todo nas áreas industriais do Vietnam do Sur, onde impera unha mentalidade máis aberta ca no norte, como Cidade Ho Chi Minh, e Saigón para os non derrotados, situada no sur do país e motor económico e centro financeiro do Vietnam. Xa o era cando a Doi Moi e séguese sendo agora; actualmente contribúe con máis do 20% do PIB, o 29,4% da produción industrial e o 30% das exportacións, ademais de producir un terzo dos ingresos do Estado. Na actualidade existen 97.000 empresas rexistradas en CHCM, o que representa un 30% do total do país. Pola contra, Hanoi, situada no norte, quedou como cidade governamental e administrativa, aínda que conta cunha importante industria nas provincias estremeiras.

Esperase que este ano máis de 400.000 traballadores perdan o seu emprego, dato que contrasta cos 80.000 que o perderon o ano pasado cando estalou a crise nos EEUU. O paro sitúase no 4,65% dun total de 45 millóns de persoas de poboación activa, a maior parte empregados no sector primario e na economía mergullada. En calquera caso, a taxa vaise reducindo cos anos xa que en 1999 chegaba ao 6,7%.

Un dos recursos empresariais que aseguran a continuidade de moitas compañías vietnamitas fronte á crise é a súa diversificación. Abraia a facilidade coa que moitas empresas se involucran de cheo en actividades fóra do seu dominio; compañías pesqueiras son á súa vez inmobiliarias, mentres as empresas inmobiliarias fan traballos de cantería e empresas de cantería son consultoras. Dende a renovación, os vietnamitas aprenderon a aproveitar as oportunidades que o mercado lles ía ofrecendo. Cada día no país ábrense e péchanse centos de empresas, dun día para outro nunha mesma rúa poden cambiar decenas de establecementos e o que anoiteceu sendo unha empresa de rotulación amañece servindo cafés.

O espírito emprendedor tamén axuda a que as economías domésticas sigan crecendo. A renda per cápita alcanza xa os 300 dólares. Mentres que no ano 2002 só

o 20% da poboación tiña uns ingresos superiores aos 229 dólares, na actualidade xa representa un 80% do total.

Outro dos datos que amosan indirectamente un maior desenvolvemento da sociedade é o número de persoas con acceso ás comunicacións. Vietnam sitúase por diante de países como a China ou a India, tendo o 23% da poboación acceso a Internet e crecendo un 200% o número de subscritores á telefonía móbil en 2007.

### **Límites do “comunismo de portas abertas”**

---

O “comunismo de portas abertas” practicado polo goberno intenta dar unha aparencia de liberdade e tolerancia cara ao resto do mundo. Pero a liberdade no mercado non ven da man da liberdade social, dúas cousas moi diferentes para un pobo que sofre o totalitarismo do Estado en forma de censura e represión ideolóxica. Levantar a voz contra o goberno ou o seu “modus operandi” pode significar o cárcere. A liberdade de expresión e de asociación sofren un férreo control.

Varias persoas, entre elas un coñecido sacerdote católico, Nguyen Van Ly, foron condenadas en 2008 a varios anos de prisión acusadas de facer propaganda en contra da República Socialista do Vietnam. Ser disidente político neste país pode ter un prezo moi alto. Un dos movementos máis perseguido foi o chamado Bloc 8406, “Manifesto para a Liberdade e a Democracia no Vietnam 2006”, asinado por 118 non partidarios do réxime que reclamaban un goberno multipartidista, un cambio pacífico e o respecto dos dereitos humanos. Un destes 118 activistas é Nguyen Van Ly, ao que actualmente lle quedan 6 anos na cadea. Dende novembro de 2006 ata finais de 2007, ao menos 35 persoas foron detidas ao estaren relacionadas co Bloc 8406. Entre elas figuraban avogados, sindicalistas, dirixentes relixiosos e “ciberdisidentes”.

A censura causa efecto tamén nos medios de comunicación: a televisión ou a radio teñen que medir moi ben as súas palabras. As telecomunicacións están fortemente intervidas. A emisión de moitas canles estranxeiras está directamente prohibida e, en canto a revistas internacionais, moitas delas sofren censura unha vez que entran no país, séndolle arrancadas ou riscadas, unha por unha, as páxinas que conteñen información que non é do agrado do goberno. Varios blogs independentes en Internet tamén foron censurados o ano pasado polo mesmo motivo.

Respecto á prensa nacional, existen varias revistas de corte liberal, como a Tuoi Tre (A Xuventude) que tratou dunha forma máis libre un asunto de corrupción acontecido hai tres anos, no que estaba implicado o ministro de Transportes. Nas súas páxinas, a revista pediu abertamente a dimisión do ministro e varios dos seus reporteiros foron agredidos e a editorial pechada.

A resposta do goberno ante as críticas foi promulgar unha nova lei, en xullo de 2007, que sanciona aos medios de comunicación que difamen o prestixio do Estado, deformen a realidade histórica ou ataquen os grandes homes ou heroes nacionais. O decreto non establece penas de cárcere pero si multas e sancións. En outubro dese

ano, o Ministerio de Cultura utilizou dita lei para pechar tres publicacións e sancionar outras oito que trataron un novo caso de presunta corrupción dentro do goberno.

Moitas veces as medidas non son tan severas como o cárcere pero levan consigo o arresto domiciliario. Hai hoxe máis dun ano quedaba derogado o Decreto CP-31 sobre detención administrativa, que se aplicara en numerosas ocasións para manter controlados aos detractores do réxime. A pesar disto, seguiron vixentes outras disposicións sobre a mesma.

En agosto de 2008, e tralas eleccións á Asemblea Nacional, formouse o “novo” goberno. O presidente, Nguyen Minh Triet e o primeiro ministro, Mgyuen Tan Dung, continuaron nos seus postos. Mentres Minh Triet daba discursos acerca da paz e a erradicación da violencia, nos cumios que aceptaban a entrada do Vietnam no Consello de Seguridade da ONU para 2009-2010, clasificábanse como “segredo de Estado” as execucións de máis de 80 persoas por temas relacionados co tráfico de drogas. Segundo organizacións como Amnistía Internacional, os xuízos aos que foron sometidos estaban repletos de irregularidades e, nalgúns casos, sen posibilidade de defensa por parte dos acusados.

Estímase que Vietnam será un país totalmente desenvolvido no período 2015-2020, pero a pesar das taxas de crecemento económico e dos logros conseguidos a nivel internacional nas últimas dúas décadas, queda aínda un longo camiño en materia de dereitos humanos para o seu desenvolvemento, vivindo como vive baixo a imposición dun goberno totalitario.

O desenvolvemento dun país non só atinxe ao campo económico. A sociedade debe medrar tamén, e para que isto ocorra non se poden esmagar as voces da sociedade civil. O réxime vietnamita debe reinventarse de novo a si mesmo, para facer convivir agora liberdade e comunismo.

---

**Tomás Pardo Rodríguez** é licenciado en Economía pola Universidade de Vigo. Traballou como Promotor Comercial da Cámara de Comercio de Lugo durante o ano 2008 na Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Cidade Ho Chi Minh (Vietnam)

## Referencias bibliográficas

---

- ADB. *Asian Development Bank. Asian Development Outlook 2009: Rebalancing Asias Growth. Reports*. ISBN: FLS090195 ISSN: 0117-0481. Marzo 2009.
- ADB. *Asian Development Bank. Economic Transition in Vietnam. Doi Moi to WTO. Public Policy Training Program*. 2006
- BOOTHROYD, Peter / PHAM XUAM Nam. *Socio economic renovation in Vietnam. The origin, evolution and impact of Doi Moi*. IDRC/ISEAS 2000. e-ISBN 1552503186. International Development Research Centre/Institute of Southeast Asian Studies. 2000
- LE THANH Nghiep/LE HUU Quy. *Measuring the Impact of Doi Moi on Vietnam's Gross Domestic Product*. Asian economic journal 2000. Vol 14 num 3.
- NAGELS, Jacques. *La acumulación primitiva del capital en Vietnam, desde Doi Moi (renovación) de 1986 hasta el ingreso a la Organización Mundial del Comercio (2006)*. Ruth Casa Editorial. 2006
- UNCTAD *Assessing the impact of the current financial and economic crisis on global FDI flows*. Xaneiro 2009

## Artigos

---

- “Derechos humanos en la República socialista de Vietnam”, *Informe 2008 Amnistia Internacional*.
- ITCP. Investment and Trade Promotion Center Ho Chi Minh City
- GSO. General Statistics Office Vietnam
- “Macro-economic situation and forecasts 2008”, *Vietnam Business Finance*. Julio 16, 2008
- “Ministry suggest measures to increase FDI flows”. *Ministerio de Asuntos Exteriores de Vietnam*. 2 de febreiro, 2009
- MOI. Ministry of Industry Vietnam
- “Ten year development of Vietnam foreign trade”, *Embajada de la República Socialista de Vietnam en los EEUU*. 18 de abril, 2001
- “Vietnam. Entre el Doi Moi y el TLC”, *La Opinion Independiente*, 20 de Decembro, 2006.
- “Vietnam falls in corruption perception index 2007”. *Vietnamnet Bridge*. 29 de setembro, 2007
- “Vietnam key facts”, *Association of Southeast Asia Nations*, 2009
- “Vietnam needs a slow 2009 growth rate to lay a good foundation for robust 2010-2011 growth”, *American Chamber of Commerce in Vietnam*, Setembro 16, 2008
- “Vietnam's troubled economy”, *The Time*, 9 de xuño de 2008